

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2025

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm. 1589/2024, de 30 de decembro)

ASISTENTES:

D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomas Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío

NON ASISTEN:

D. Daniel Mallo Castro
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm. 1589/2024, de 30 de decembro) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Ramón Boga Moscoso, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomas Barrientos Morales e D. Raúl Varela Fraguío.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as D. Daniel Mallo Castro, e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de decembro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade polos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 26 de decembro de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Excma. Deputación Provincial da Coruña, resolución de Presidencia de aprobación da concesión definitiva de subvencións ao programa dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024 (DP0043). BOP número 249, de 27-12-2024.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 17 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T). DOG número 250, de 30-12-2024.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 17 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U). DOG número 250, de 30-12-2024.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 20 ao 26 de decembro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1561/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1568/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1561/2024	20-12-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de decembro de 2024
1562/2024	20-12-2024	Inscribir ao can identificado como LUNA de raza Rottweiler, sexo femia e microchip número 992000003750632, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JMBS
1563/2024	20-12-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: IAC
1564/2024	20-12-2024	Declarar a renuncia de RFM á licenza concedida por Resolución nº 43/2022 do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 13 de xaneiro de 2022 para segregar da finca sita no lugar de Aian, parroquia de Sigrás. Declarar concluído o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
1565/2024	20-12-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de decembro de 2024
1566/2024	20-12-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 10/2024 por un importe de 54.000,00 euros
1567/2024	23-12-2024	Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre para o ano 2024 constituída polas seguintes prazas: Técnico de xestión



		económico-financeira 1 A1 Administración Especial Técnica Técnicos superiores; Coordinador/a deportivo/a 1 B Administración Especial Técnica Técnicos auxiliares; Administrativo/a 1 C1 Administración Xeral Administrativa; Encargado/a de obras 1 C1 Administración Especial Servizos especiais Cometidos especiais; Auxiliar de bibliotecaarquivo 1 C2 Administración Especial Servizos especiais Cometidos especiais; operario/a condutor/a 1 Outras agrupacións profesionais Administración Especial Servizos especiais Persoal de oficios; Operario/a de servizos múltiples 1 Outras agrupacións profesionais Administración Especial Servizos especiais Persoal de oficios
1568/2024	26-12-2024	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 1.382,82 euros

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo